



**GUÍA DE ESTILO**  
**PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E**  
**OUTRAS DISCAPACIDADES INTELECTUAIS**

**Edita:**

Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (Down Galicia)

**Coordinación da edición:**

Xerencia Down Galicia

**Revisión da edición:**

Departamento de comunicación Down Galicia

**Deseño:**

Departamento de comunicación Down Galicia

**Edición:**

Setembro 2018



DOWN GALICIA

Declarada de Utilidade Pública (UP/60239/SD), pola Orde INT/2958/2006, BOE nº232 (28/09/06)

Acollida a Lei 49/2002: Solicitud de opción polo Réxime fiscal especial do Título II de la Lei 49/2002 dende o 13/12/2006

## A IMPORTANCIA DAS PALABRAS

Esta Guía de Estilo ten por obxecto positivizar e concienciar sobre a terminoloxía referida ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais tras a evolución experimentada por este colectivo nas últimas décadas, nas que pasou de estar oculto a unha situación onde se busca a súa inclusión na sociedade da que forman parte.

Pero os avances conseguidos en algúns ámbitos, non se viron acompañados dun cambio na linguaxe que axudase a eliminar os prexuízos e os estereotipos vencellados ao mundo da discapacidade. E é que a **linguaxe non é soamente unha cuestión de forma, senón tamén de fondo**. As palabras, que son capaces de erixir as máis sólidas barreiras mentais, crean realidades e poden chegar a transmitir un gran número de aspectos negativos.

Falamos sempre dun **uso discriminatorio da linguaxe** e non de linguaxe discriminatoria, porque os idiomas non son en si discriminatorios: o que discrimina é o uso que se faga deles.

Cando se fala de linguaxe pouco apropiada non se busca responsabilizar a ninguén, pois na maioría das ocasións non se pretende ofender conscientemente. Do que se trata é de empregar as palabras correctas e non estigmatizar nin manter termos negativos ou simplemente insultantes. A nosa lingua ten a riqueza e os recursos suficientes para utilizala sen necesidade de excluír, invisibilizar ou marxinar.

**Darlle solución a esta situación está na man de cada un e cada unha de nós, sen distinción.** Por iso, esta guía de estilo vai destinada a todas aquelas persoas que se relacionen con unha persoa coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual e tamén **ás que, polo motivo que sexa, fan mención a estas.** Deste xeito, destinamos esta guía ás propias entidades sociais, ás empresas e entidades que colaboran coa labor das entidades Down, ás administracións públicas e, por suposto, ao resto da sociedade.

Pero, sobre todo, é unha tarefa dos medios de comunicación, cuxa capacidade de influencia neste aspecto é superior a de calquera outro axente nesta sociedade.

## PERSOAS DESTINATARIAS

A síndrome de Down é **unha alteración xenética** que se debe á aparición dun cromosoma extra do par 21 (ou unha parte esencial do mesmo) que ocasiona alteracións de tipo morfolóxico, bioquímico e funcional en diversos órganos, especialmente no cerebro, durante distintas etapas da vida.

A estrutura molecular do cromosoma 21 extra condiciona a estrutura e a función do cerebro e do sistema nervioso, e inflúe sobre a aprendizaxe e a conduta das persoas coa síndrome de Down.

Os xenes do cromosoma 21 extra tamén son responsables das características (fenotipo) que presentan as persoas con esta trisomía, as cales esixen unha atención médica especializada e programas de medicina preventiva deseñados por expertos.

## QUE É A SÍNDROME DE DOWN?

## MITOS E REALIDADES DAS PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN

MITOS	REALIDADES
É unha enfermidade	A síndrome de Down é unha variación xenética producida pola presenza dun cromosoma extra no par 21.
Pódese “curar”	Precisamente porque non é unha enfermidade, non se pode curar. Actualmente, pese aos grandes avances producidos no eido da investigación, non hai ningún tratamento xenético nin farmacolóxico cientificamente demostrado que poida “curar” ou paliar as manifestacións da síndrome de Down.
Non viven moito tempo	A súa esperanza de vida actual está ao redor dos 65 anos.
Son nenos eternamente	Non ten nada que ver o coeficiente intelectual con ser adulto.
Non alcanzan os obxectivos normais da vida	Coa educación e apoios axeitados, a maioría aprenden a ler, asisten a escolas ordinarias e desenvolven unha vida plena como persoas adultas.
Sempre están felices e son cariñosos	Cada un ten o seu carácter e estados de ánimo variables coma calquera persoa.
Hai moitos graos de síndrome de Down	Non existen graos; simplemente se ten ou non se ten.

## RECOMENDACIONES XENÉRICAS

- 1. Débese poñer a énfase na persoa** cando se faga referencia á discapacidade dunha persoa, e non no uso de etiquetas xenéricas. É mellor dicir “persoa con discapacidade intelectual” ou “persoa coa síndrome de Down” que “o discapacitado”.
- 2. Usar o termo “a discapacidade”** mellor que “a deficiencia” ou “a minusvalía” para referirse á discapacidade dunha persoa.
- 3. Non utilizar etiquetas xenéricas,** como “os Down”. O razoable é poñer a énfase nas persoas, non nas discapacidades. Deberíase dicir “as persoas coa síndrome de Down”.
- 4. Non usar o termo “normal”** para describir ás persoas sen discapacidade ou para comparar, sendo mellor dicir “persoas sen discapacidade”.
- 5. Non usar verbos ou termos negativos** como “sofre síndrome de Down”, “padece unha discapacidade intelectual”, “está afectado por” ou “é vítima de”. Estes termos proceden da presunción de que unha persoa cunha discapacidade de feito sofre ou experimenta unha diminución na súa calidade de vida. Cando se describe a unha persoa que ten unha discapacidade, débese utilizar unha linguaxe neutral e optar polo verbo “ter” que é menos negativo (“ten síndrome de Down”).
- 6. Evitar referirse a persoas con discapacidade como “pacientes”,** a non ser que o faga porque estean a recibir atención médica.

**7. Evitar o uso de eufemismos** como “persoas diferentes”, “con problemas intelectuais” ou “intelectualmente limitados”. O correcto sería falar de “persoas con discapacidade intelectual” ou “persoas coa síndrome de Down”.

**8. Non utilizar termos como “pobriño/a” “desgraciado/a” ou “infeliz”** para referirse ás persoas coa síndrome de Down, evitando así a condescendencia e o sentimento de pena ou rexeitamento asociado habitualmente ao colectivo.

**9. Non retratar** ás persoas con discapacidade, que tiveron éxito social ou profesional, como súper heroes, cheas de coraxe ou especiais, xa que distorsiona a verdade e implica que é insólito ter talento ou habilidades por parte deste colectivo. O razoable é **mostrar ás persoas con discapacidade que teñen éxito e ás que non o teñen**, pero que loitan todos os días por levar unha vida o máis normalizada posible centrándose na persoa e non na discapacidade.

**10. Non se debe tratar ás persoas coa síndrome de Down como eternos nenos ou nenas.** Polo feito de non ser persoas adultas, aos nenos e nenas permíteselles ou conséntenselles pequenas cousas (máis tapas nun bar, un caramelo de regalo nun supermercado) ou limítaselles o seu criterio, voz ou voto, decidindo ou respondendo por eles ou elas. En xeral, esta situación vai desaparecendo coa transición á idade adulta, pero mantense para as persoas coa síndrome de Down, fomentando o estereotipo dos eternos nenos ou nenas.



## PROPOSTAS CONCRETAS

SI, POR FAVOR	NON, GRAZAS
Persoa coa síndrome de Down / con Down / con trisomía 21	Mongol-a / Mongólico-a
Persoa con discapacidade intelectual / con diversidade funcional	Deficiente / Subnormal / Diminuído-a / Retrasado-a mental / Oligofrénico-a / Anormal
Persoa con discapacidade	Discapacitado-a / Minusválido-a / Inválido-a / Impedido-a / Inútil / Incapacitado-a
Persoas que 'teñen', 'presentan', 'manifestan' a síndrome de Down	Persoas que 'sofren', 'padecen', 'son vítimas', 'están afectadas' pola síndrome de Down
Persoa sen discapacidade	Persoa normal
Inclusión / Participación	Normalización
Persoa en situación de dependencia	Dependente
Alumnado con necesidades educativas específicas	Alumnado especial
Cando falamos de persoas coa síndrome de Down en fase adulta: Homes / Mulleres / Persoas en idade adulta / Adultos / Adultas	Non debemos referirnos a persoas adultas como nenos ou nenas

## FEDERACIÓN DOWN GALICIA

981 58 11 67

[downgalicia.org](http://downgalicia.org)

[downgalicia@downgalicia.org](mailto:downgalicia@downgalicia.org)

## ENTIDADES DA FEDERACIÓN

### **Down Vigo**

986 20 16 56

[downvigo.org](http://downvigo.org)

### **Down Pontevedra “Xuntos”**

986 86 55 38

[downxuntos.org](http://downxuntos.org)

### **Down Ourense**

988 37 03 13

[downourense.org](http://downourense.org)

### **Down Lugo**

982 24 09 21

[downlugo.org](http://downlugo.org)

### **Down Compostela**

981 56 34 34

[downcompostela.org](http://downcompostela.org)

### **Down Coruña**

981 26 33 88

[downcoruna.org](http://downcoruna.org)

### **“Teima” Down Ferrol**

981 32 22 30

[teimadownferrol.org](http://teimadownferrol.org)

## ENTIDADES DE REFERENCIA

## BIBLIOGRAFÍA

- *Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU (Resolución 61/106, de 13 de decembro de 2006)*
- *Consejería de Salud y Bienestar Social - Junta de Andalucía. 2013. Guía de Buenas Prácticas sobre personas con discapacidade para profesionales de la comunicación.*
- *Declaración de Salamanca. 2004. I Encontro sobre "Periodismo e Discapacidade".*
- *Fernández Iglesias, J.L. 2006. Guía de Estilo sobre Discapacidade para Profesionales de los Medios de Comunicación. Real Patronato sobre Discapacidade. NIPO: 214-06-017-0.*

